



**CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN  
DUN/HA LECTOR/A DE GALEGO E DE ESPAÑOL  
NOS ESTADOS UNIDOS  
(UNIVERSITY OF NORTH CAROLINA AT CHAPEL HILL)**

A Facultade de Filoloxía en virtude do convenio asinado entre a Universidade da Coruña e a University of North Carolina at Chapel Hill, abre a convocatoria para un posto de lector/a de galego e de español durante o **curso académico 2012-13**.

**CONDICIÓNS**

As condicións do programa de lectores establecido por convenio entre a UDC e a University of North Carolina at Chapel Hill (en adiante UNC-CH) son as seguintes:

- A persoa será acollida en calidade de *Teaching Fellow in Romance Languages*
- O/A lector/a ensinará dous cursos no primeiro semestre (un en galego e un en español), e un curso no segundo semestre (galego ou español).
- A UNC-CH farase cargo do seguro de enfermidade e pagará ao/á lector/a unha cantidade económica de aproximadamente \$18.700 por curso académico.
- O/A lector/a terá dereito a matricularse nun curso en calquera departamento de Artes e Ciencias da UNC-CH. A matrícula correrá por conta da UNC-CH e o estudante pagará os dereitos de exame, que se lle descontarán do salario.
- O período de estancia en Chapel Hill do/a lector/a irá do 15 de agosto de 2012 ao 15 de maio de 2013, aproximadamente.
- A persoa seleccionada deberá remitir un formulario á UNC-CH antes do 1 de marzo. Para cubrir o formulario debe pagarse unha taxa de 77\$ con tarxeta de crédito. O formulario está dispoñíbel en

[http://gradschool.unc.edu/applicant\\_intl.html#app](http://gradschool.unc.edu/applicant_intl.html#app) .

**REQUISITOS DOS CANDIDATOS**

- Licenciados en Filoloxía Galega e/ou Filoloxía Hispánica pola Universidade da Coruña
- Estudantes de estudos oficiais de posgrao na Universidade da Coruña (mestrado, doutoramento) cunha licenciatura en Filoloxía Galega e/ou Filoloxía Hispánica
- Bo dominio do inglés

## **SELECCIÓN DE CANDIDATOS**

Realizarase por unha comisión composta por:

- A Decana da Facultade de Filoloxía, ou persoa en quen delegar
- A Directora do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística, ou persoa en quen delegar
- O Director do Departamento de Filoloxía Española e Latina, ou persoa en quen delegar
- A Directora do Departamento de Filoloxía Inglesa, ou persoa en quen delegar
- O secretario académico da Facultade

A selección dos candidatos basearase nos seguintes criterios:

- O conxunto do *curriculum vitae*, con especial atención á formación académica e a súa adecuación á praza (até 4 puntos)
- O expediente académico da licenciatura en Filoloxía Hispánica ou Galega (ou equivalente). En caso de estar en posesión de máis de unha licenciatura, tomarase como referencia para o cálculo do expediente a obtida en primeiro lugar (até 4 puntos)
- Nivel documentado de inglés (até 2 puntos)

Se a Comisión de selección o estimar oportuno, poderá realizarse unha entrevista persoal, para a que as persoas solicitantes serán convocadas en escrito dirixido ao e-correo que figure na súa solicitude. Caso de celebrarse, a puntuación será de até de 2 puntos.

## **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

As persoas candidatas deberán presentar a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude segundo o modelo adxunto
- Copia do expediente académico
- Fotocopia do DNI
- Breve Curriculum Vitae
- Xustificante/s do curriculum vitae (copias das certificacións do nivel de inglés e doutros idiomas, dos títulos académicos, etc.)

A Comisión de baremación poderá solicitar, se o estimar pertinente, a documentación orixinal.

## **LUGAR DE PRESENTACIÓN**

Os candidatos presentarán a documentación requirida na Secretaría Administrativa do Decanato da Facultade de Filoloxía (A Zapateira S/N, 15071 A Coruña).

Máis información no correo-e [admifil@udc.es](mailto:admifil@udc.es) e no teléfono 981 167 000 (ext. 1833) en horario de mañá.

## **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Até as 14 horas do día 14 de febreiro de 2012.

## **RESOLUCIÓN**

A resolución provisional publicarase na web da Facultade de Filoloxía ([www.udc.es/filo](http://www.udc.es/filo)) e comunicarase aos solicitantes a través do correo electrónico indicado na solicitude.

Posteriormente, abrirase un prazo de 5 días naturais para presentar reclamacións. Transcorrido este período publicarase a resolución definitiva.

Contra a resolución definitiva, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co que dispoñen os artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, poderase interpoñer un **recurso de alzada** perante o reitor, no prazo **dun mes**, que contará a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web da Facultade de Filoloxía.

Na Coruña a 31 de xaneiro de 2012.

Asdo. Teresa López  
Decana da Facultade de Filoloxía



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**CANDIDATURA PARA LECTORADO**  
**University of North Carolina (Chapel Hill)**

**1.- DATOS PERSOAIS**

Nome	Apelidos	D.N.I.
Lugar de nacemento	Provincia	Data de nacemento

Datos a efectos de notificación

Enderezo completo	Localidade	C. P. Provincia	Teléfonos (fixo e/ou movil):
Correo-e:		Fax:	

**2.- DATOS ACADÉMICOS**

Licenciado/a en 1. 2.	Titulación que cursa (se proceder):
-----------------------------	-------------------------------------

**3.- EXPEDIENTE ACADÉMICO**

Nota media da licenciatura 1. 2.
--

**4.- IDIOMAS**

Idiomas	Nivel	Títulos ou certificacións acreditativas
1 – Inglés		
2 –		
3 –		

**Documentación que achega:**

Copia do expediente académico  
Fotocopia do DNI

Breve Curriculum Vitae  
Xustificantes

**Declaro que a información aquí contida é correcta e entendo que a falsidade nesta implicará a descualificación da miña candidatura.**

A Coruña, de de 2012

(Sinatura do/a interesado/a)

**SRA. DECANA DA FACULTADE DE FILOLOXÍA**